

Os Centros Socioculturais convocan o V Certame de Poesía "Aurelio Aguirre" 2007

O premio será de 500 euros e as bases do concurso recóllense a seguir:

- 1.** Ter máis de 14 anos e residir na Comunidade Autónoma Galega.
- 2.** O tema será libre. Só se pide que os poemas sexan orixinais e inéditos. Só se poderá presentar un traballo por persoa.
- 3.** Poderanse presentar indistintamente en lingua galega ou castelá.
- 4.** A extensión non poderá ser menor de 50 versos nin excederá dos 100.
- 5.** Presentarase unha copia mecanografada a dous espazos e por unha soa cara, en Din A4 debidamente grampados, cosidos ou encadernados.
- 6.** Os poemas irán nun sobre pechado no que figurará de forma destacada: **V CERTAME DE POESÍA AURELIO AGUIRRE** e o título da obra; dentro deste irá outro sobre pechado co título da obra escrito por fóra no que se introducirán os datos da autora ou autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono, así como unha fotocopia do DNI). Nin nos traballos nin no sobre figurará ningún elemento que permita identificar á autora ou autor
- 7.** O prazo de presentación dos traballos conclúe o 30 de decembro de 2007 e deberanse entregar no Rexistro Xeral

do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende, nº 4).

8. O xurado estará composto pola Concelleira Delegada de Centros Socioculturais, tres técnicos, os gañadores da anterior edición e un escritor. A decisión do xurado con respecto á gañadora ou gañador é inapelábel.

9. A decisión do xurado darase a coñecer antes de Marzo do 2008. Farase entrega dunha acreditación do premio acadado no acto de entrega de premios.

10. Non se devolverán os orixinais nin as copias, aínda que se poderán recoller na Biblioteca do CSC de Vite ata un mes despois da entrega de premios.

11. O Departamento de Centros Socioculturais poderá publicar os relatos e poesías gañadores, sen que isto implique privación ningunha dos dereitos de autor para a súa publicación posterior.

12. O premio poderá ser considerado deserto polo xurado en caso de non acadar o nivel de participación ou de calidade esperado. Nese caso darase un premio simbólico ao mellor traballo

13. Máis información no Centro Sociocultural "Aurelio Aguirre" de Conxo.

Teléfono 981 528 740 ; no correo electrónico

bibliotecacsc@santiagodecompostela.org e na páxina web dos Centros Socioculturais.

14. A participación no concurso supón a aceptación das súas bases.